



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: RESOLUCION PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E FIXACIÓN DA DATA DO EXAME NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL CON CARÁCTER DE URXENCIA DUN ENXEÑEIRO/A TÉCNICO FORESTAL DENTRO DO SERVIZO DE VALORIZACIÓN FORESTAL

ANTECEDENTES

- *Notificación da Consellería de Economía e Industria para o fomento de emprego no Medio Rural (APROL RURAL 2019), pola que se concede unha subvención para a contratación laboral temporal dun Enxeñeiro/a Forestal*
- *Resolución de Alcaldía de 06.05.2019, de aceptación da subvención concedida*
- *Proposta de Alcaldía de incoación do expediente de contratación laboral temporal dun enxeñeiro técnico Forestal asinada con data 10.05.2019*
- *Informe de fiscalización da Intervención Municipal 2019-0085 de 21.05.2019*
- *Informe xurídico da Secretaría Municipal 2019-0038 de 20.05.2019*
- *Bases da convocatoria que ten por obxecto a selección dun Enxeñeiro/a Técnico Forestal, que se atopen en situación de desemprego ,inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, e segundo os principios de mérito e capacidade.*
- *Con data 21.05.2019 a través da RA núm. 2019-0681 aprobáronse as bases que rexen a contratación de persoal laboral temporal dun enxeñeiro/a técnico Forestal para o servizo de Valorización Forestal*
- *Con data 7 de Maio de 2019 presentouse a correspondente oferta na oficina de emprego de Cangas para o posto ofertado, de acordo co establecido nas bases reguladoras desta subvención*
- *Consta Comunicación da Oficina de Emprego de Cangas, en relación ás persoas seleccionadas para participar neste proceso selectivo.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *Real Decreto 500/1990, que desenrola a Lei de Facendas Locais en materia de presuposto e gasto público.*
- *Orde EHA/3565/2008, de 03 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais*
- *Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de Outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto do Empregado Público*
- *Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores*
- *Bases de Execución do Orzamento en vigor.*
- *Lei 6/2018 de 3 de Xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 con prórroga para 2019*
- *Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.*
- *Real Decreto 861/1986, polo que se establece o réxime das retribución do persoal ao servizo da Administración Local.*
- *Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Bueu.*



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Polo que de conformidade cos antecedentes administrativos postos de manifesto *nesta Resolución e as consideracións xurídicas e técnicas contidas na mesma.*

RESOLVO:

1.- PRESTAR APROBACIÓN Á RELACION PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS, que comprende ós aspirantes que solicitaron participar neste proceso selectivo, en canto declaran que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base Terceira da convocatoria, segundo figuran no **ANEXO I** desta Resolución

2.- NOMEAR ó Tribunal cualificador e os seus suplentes, segundo o establecido nas Bases da Convocatoria, e normativa en vigor, segundo consta no **ANEXO II** desta Resolución e que rexerá polas seguintes normas:

-Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto.

-O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.

-Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público, para o que disporán de dous días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta resolución na Páxina Web do Concello e no Taboleiro de anuncios electrónico do mesmo.

-Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da lei 40/2015, dispoñendo dun prazo de dous días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na Páxina Web do Concello e no Taboleiro de anuncios electrónico do mesmo.

-O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

-A actuación do tribunal rexerá polo disposto nas presentes bases e na Lei39/2015.

3.- Ordear a publicación do listado provisional de admitidos e excluídos, así como o motivo da exclusión, de ser o caso. A partir de aquí haberá, dada a urxencia na contratación, en canto este persoal deberá estar contratado o 30 de Maio de 2019, segundo o previsto na Resolución de Concesión da *Consellería de Economía e Industria para o fomento de emprego no Medio Rural (APROL RURAL 2019)*, un prazo de **UN DÍA HÁBIL, que rematará o 27 de Maio de 2019, ós efectos de que poidan presentar as alegacións** a esta resolución e asemade para a enmenda de documentación.

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://bueu.sedelectronica.gal/board//>).

De non presentarse alegacións contra esta Resolución de aprobación provisional de admitidos e excluídos entenderáse definitivamente aprobada a relación de candidatos admitidos e excluídos neste procedemento.

4.- CONVOCAR ós aspirantes seleccionados **á celebración da proba, que terá lugar no Salón de Plenos da Casa Consistorial o MARTES 28 DE MAIO DE 2019 , ÁS 10.30 horas.**

O procedemento de selección de conformidade coas Bases da Convocatoria será o de oposición e consistirá na realización dunha proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio, relacionada coas tarefas propias do posto de traballo a desenvolver en base ao temario que figura como Anexo I a estas bases, no tempo de realización que acorde o Tribunal.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Para a celebración da proba, os aspirantes deben vir provisto de documento identificativo da súa identidade e bolígrafo azul

ANEXO I RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS

- ANA MARIA DE LA TORRE LINES (Solicitud presentada no Rexistro de Entrada do Concello de Bueu con data 23.05.2019 , RE- 2541)
- MARIA TERESA CIDRÁS ROBLES (Solicitud presentada na Oficina Central do Rexistro con data 23.05.2019 2019-E-RC-2548)

RENUNCIAS

- RODRIGO COSTAS SOLIÑO, segundo comunicación electrónica con data 23.05.2019

EXCLUIDOS

- NON HAI ASPIRANTES EXCLUIDOS

ANEXO II TRIBUNAL CUALIFICADOR

PRESIDENTE

TITULAR.-Fernando Baeza Ordóñez (Arquitecto Municipal)

SUPLENTE.- Jaime Sixto García (Tesoureiro Accidental no Concello de Bueu)

VOGAIS:

TITULAR: Belarmino Barreiro Rosales (Arquiveiro Municipal)

SUPLENTE: Mónica Valle Cabirta (AEDL Concello de Pontecaldelas)

TITULAR: José Ramón Núñez Iraola (Bibliotecario Municipal)

SUPLENTE: Angélica Gómez García (AEDL Concello de Vilaboa)

TITULAR: María Dolores Loira Rodríguez (Traballadora Municipal no Concello de Bueu)

SUPLENTE : Carlos Otero Rodríguez (AEDL Concello de Cerdedo-Cotobad)

SECRETARIA/O:

TITULAR: Marcos Vázquez Campaña (Interventor Municipal)

SUPLENTE: Nuria Lobato del Río (Secretaria Xeral do Concello de Bueu)

O ALCALDE,

Documento asinado electronicamente á marxe